

A Embaixada de Italia vén de convocar un curso de perfeccionamento impulsado polo Ministerio Italiano de Instrución Pública e dirixido a docentes de lingua italiana. A Embaixada proporá un máximo de catro participantes en todo o territorio nacional, dos elixidos polas Comunidades Autónomas de entre os que impartan clases de italiano nos centros escolares. Os requisitos necesarios son: un profundo coñecemento da lingua italiana e a nacionalidade española. Terase en conta o currículo do profesorado interesado, para o que será necesario que adxunten copias cotexadas dos méritos relacionados coa cultura e lingua italianas. O curso terá lugar dende o día 31 de xullo ata o 10 de agosto de 2007 na Universidade para estranxeiros de Perugia. O curso consta de dúas seccións: unha sobre cultura italiana e outra sobre didáctica e lingüística italiana. O Ministerio Italiano faise cargo de todos os gastos relativos á inscrición, aloxamento e manutención. O desprazamento a Italia correrá a cargo dos participantes, aínda que estes se poderán acoller á convocatoria de axudas pola modalidade III segundo a Orde do 19 de decembro de 2006, DOG do 26, pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario.

O profesorado interesado debe dirixir as súas solicitudes á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa , Servizo de Ordenación e Innovación Educativa antes do día 16 de xuño do presente ano.